

### Artigo 51. *Vivendas de promoción pública en copropiedade*

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo ou calquera entidade local, para mellorar e facilitar as posibilidades de acceso á vivenda dos sectores con maiores dificultades, poderá establecer contratos de copropiedade coas persoas adxudicatarias das vivendas de promoción pública como axuda á adquisición dunha vivenda.

2. O valor da participación na propiedade da vivenda por parte da Administración pública non poderá superar en ningún caso o 40 % do custo da vivenda e dos seus anexos. Esta participación deberá figurar necesariamente nos correspondentes contratos de copropiedade.

3. Os gastos de conservación, mantemento e rehabilitación, os tributos, os seguros e as cotas de comunidade serán asumidos polas persoas adxudicatarias das vivendas, así como calquera outro que legalmente lle corresponda á propiedade.

4. As persoas beneficiarias dos contratos de copropiedade poderán adquirir en calquera momento a parte da propiedade correspondente ao Instituto Galego da Vivenda e Solo ou á entidade local. En todo caso, mentres se mantéña o contrato de copropiedade, as vivendas estarán suxeitas ao réxime legal das vivendas protexidas de promoción pública, aínda que xa vencese o prazo sinalado como período de protección para este tipo de vivendas.

5. A transmisión pola persoa propietaria da súa cota de propiedade da vivenda estará sometida aos mesmos requisitos e ás mesmas limitacións ca os establecidos con carácter xeral para a transmisión das vivendas de promoción pública. Será, polo tanto, aplicable o establecido no capítulo III do título II desta lei relativo aos dereitos da Administración na transmisión das vivendas protexidas.

6. Regulamentariamente estableceranse o contido e as condicións dos contratos de copropiedade; a porcentaxe de propiedade da vivenda que, en función das súas circunstancias persoais, familiares e económicas, deberá asumir a persoa adxudicataria; o modo de exercer a adquisición da parte da propiedade correspondente á Administración pública e a valoración desta en función do momento no que se produza.

### Artigo 52. *Parque público de vivendas do Instituto Galego da Vivenda e Solo*

1. Enténdese por parque público de vivendas do Instituto Galego da Vivenda e Solo o conxunto das vivendas protexidas que o devandito organismo cualifique como vivendas de